

Proceso selectivo para ingresar en catro prazas do corpo auxiliar (grupo D), das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade

Terceiro exercicio. Proba de lingua galega

DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO

- O cuestionario consta de 30 preguntas tipo test e de 3 preguntas máis de reserva.
- Das catro respostas posibles a cada pregunta só hai unha correcta.
- Non serán valoradas as preguntas sen responder nin tampouco aquelas en que as marcas ou correccións efectuadas ofrezan a conclusión de non haber opción de resposta válida.
- Para indicar a resposta que considere correcta, deberá rodear cun círculo a letra que encabeza a resposta.
- Para anular unha resposta, deberá situar unha aspa enriba da opción xa marcada co círculo que desexa anular e marcar cun círculo a nova resposta que considere correcta.

DURACIÓN: 60 minutos

CUESTIONARIO

1. Cal das seguintes palabras é ortograficamente CORRECTA?

- A Boda
- B Armonía
- C Bulnerable
- D Avogada

2. Indique cal é a frase lingüisticamente CORRECTA:

- A A pesar das dificultades, a partires do vindeiro martes o centro xa estará funcionando.
- B A pesares das dificultades, a partires do vindeiro martes o centro xa estará funcionando.
- C A pesar das dificultades, a partir do vindeiro martes o centro xa estará funcionando.

- D A pesares das dificultades, a partir do vindeiro martes o centro xa estará funcionando.

3. Cal das seguintes oracións é CORRECTA?

- A As leis se tramitan mediante procedementos ordinarios e extraordinarios.
- B A nova lei de orzamentos publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.
- C A proposición de lei non aprobouse por non acadar votos dabondo.
- D A sesión se suspendeu por mor de problemas na instalación eléctrica.

4. Sinale a frase CORRECTA:

- A Viulle pola rúa e non lle saudou.
- B Viuno pola rúa e non o saudou.
- C Viuno pola rúa e non lle saudou.
- D Viuno pola rúa e non saudouno.

5. Indique a palabra ortograficamente CORRECTA:

- A Subscrición
- B Suscripción
- C Subscripción
- D Suscrición

6. Cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?

- A O pronome átono colócase no galego igual que no castelán.
- B En galego non podemos empezar unha frase por un pronome átono.
- C A colocación do pronome átono depende da zona de procedencia dos falantes.
- D En galego o pronome átono vai habitualmente antes do verbo.

7. Indique a expresión CORRECTA:

- A A orden pública
- B A orde pública
- C O orden público
- D O orde público

8. Cal das seguintes é a forma CORRECTA?

- A Eu andiven
- B Eu andei
- C Eu anduven
- D Ningunha é correcta

9. Para redactar documentos oficiais en linguaxe inclusiva:

- A Podemos utilizar a arroba (@).
- B Non podemos utilizar a arroba (@), pois non é unha letra do alfabeto.
- C Podemos utilizar a arroba (@) en textos xurídicos.
- D Podemos utilizar substantivos colectivos pero é mellor a arroba (@).

10. Cal das seguintes formas NON É CORRECTA?

- A Sen embargo
- B No entanto
- C Porén
- D Non obstante

11. Sinala a frase INCORRECTA:

- A Non hai ningunha candidatura para a presidencia.
- B Non hai candidatura algunha para a presidencia.
- C Non hai candidatura ningunha para a presidencia.
- D Para a presidencia non hai ningunha candidatura.

12. Só unha das seguintes afirmacións é CORRECTA; cal?

- A Despois do signo de interrogación non se pon punto.
- B Nas siglas as letras van separadas por puntos.
- C Para referirnos ao ano en que estamos debemos escribir 2.025 e non 2025.
- D Para separar decimais nunha cantidade debemos utilizar sempre o punto, nunca a coma.

13. Sinala a secuencia CORRECTA:

- A Eu son, ti eres, el e...
- B Eu son, ti es, el é...
- C Eu soi, ti es, el é...
- D Eu son, ti és, el é...

14. Cal destas frases está BEN REDACTADA?

- A Participan no programa o Concello de A Laracha e mais a Deputación Provincial da Coruña.
- B Participan no programa o Concello da Laracha e mais a Deputación Provincial da Coruña.
- C Participan no programa o Concello de Laracha e mais a Deputación Provincial de Coruña.
- D Participan no programa o Concello d'A Laracha e mais a Deputación Provincial d'A Coruña.

15. En cal dos seguintes casos é INCORRECTO o uso da coma?

- A En enumeracións.
- B Entre o suxeito e o verbo.
- C Antes e despois dunha oración explicativa.
- D Cando se elide un verbo por ser citado antes.

16. Indique a frase CORRECTA:

- A Iban cantando pola rua.
- B Ían cantando pola rua.
- C Ían cantando po-la rúa.
- D Ían cantando pola rúa.

17. Indique a expresión CORRECTA:

- A Iso é posibre e desexabre.
- B Iso é posíble e desexáble.
- C Iso é posíbel e desexábel.
- D Iso é posibel e desexabel.

18. Indique a afirmación CORRECTA:

- A Os acentos non deben omitirse nunca nas letras minúsculas pero poden omitirse nas maiúsculas.
- B Cando expresamos os apelidos en letras maiúsculas os acentos poden omitirse.
- C Os acentos non deben omitirse, salvo algunhas excepcións.
- D Os acentos non deben omitirse nunca, nin nas letras minúsculas nin nas maiúsculas.

19. Indique a secuencia das tres palabras que están CORRECTAMENTE ACENTUADAS:

- A Atmósfera, parásito, diocese
- B Atmosfera, parasito, diocese
- C Atmosfera, parásito, diócese
- D Atmosfera, parasito, diócese

20. Cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?

- A En galego non hai unha normativa ortográfica pola que guiarnos.
- B En galego a normativa ortográfica foi elaborada pola Real Academia Galega.
- C A normativa ortográfica do galego vai ser aprobada proximamente.
- D A normativa ortográfica do galego non é obrigatoria para redactar na Administración.

21. Nunha das seguintes frases HAI ERROS DE ACENTUACIÓN; en cal?

- A Non poden ser obxecto de delegación as competencias relativas á adopción de disposicións de carácter xeral.
- B Só cabe recurso de suplicación perante os tribunais económico-administrativos.
- C So cabe recurso de suplicación perante os tribunais económico-administrativos.
- D As competencias relativas á adopción de disposicións de carácter xeral non poden ser obxecto de delegación.

22. Indique a secuencia de palabras CORRECTA:

- A Sentenza, licenza, prexuízo, vixenza.
- B Sentenza, licenza, prexuízo, vixencia.
- C Sentencia, licenza, prexuízo, vixenza.
- D Sentenza, licencia, prexuízo, vixenza.

23. Cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?

- A As palabras "verán" e "verao" son as dúas propias da lingua estándar.
- B A palabra "verán" é unha variante dialectal e a palabra "verao" é a palabra propia da lingua estándar.
- C A palabra "verao" é unha variante dialectal e a palabra "verán" é a palabra propia da lingua estándar.

- D As palabras "verán" e "verao" pódense empregar indistintamente en calquera contexto.

24. Indique a frase BEN REDACTADA:

- A O art.º 16 da Lei 40/15, de 1 de Outubro, regula a figura do Secretario dos órganos colexiados.
- B O art. 16 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, regula a figura do Secretario dos Órganos Colexiados.
- C O artigo 16 da Lei 40/2015, do 01.10.15, regula a figura do secretario dos órganos colexiados.
- D O artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, regula a figura do secretario dos órganos colexiados.

25. En cal dos seguintes enunciados está MAL UTILIZADA a coma?

- A Rematados os trámites previos, comezaron as obras de reforma do centro.
- B O informe sobre legalidade da disposición normativa, é favorable.
- C Resolución do 5 de xaneiro, da Dirección Xeral de Función Pública, pola que...
- D Non se presentaron alegacións no prazo estipulado e, polo tanto, o procedemento seguirá o seu curso.

26. Indique o par INCORRECTO:

- A Pantalón – pantalóns
- B Luz – luces
- C Café - cafeses
- D Útil - útiles

27. Sinale a opción CORRECTA:

- A Tiveron que enviarlle a notificación por carta certificada.
- B Tivéronlle que enviar a notificación por carta certificada.

- C Tiveron que lle enviar a notificación por carta certificada.
- D As tres opcións anteriores son correctas.

28. Indique a palabra INCORRECTA:

- A Circunstancia
- B Exercizo
- C Edificio
- D Negocio

29. Indique a frase CORRECTA:

- A Para iso non vale calquer solución.
- B Para iso non valen calesquera solucións.
- C Para iso non vale calquera solución.
- D Para iso non vale calqueira solución.

30. Indique a frase CORRECTA:

- A Te dixo a verdade.
- B Che dixo a verdade.
- C Díxoche a verdade.
- D Díxote a verdade.

PREGUNTAS DE RESERVA

31. Despois de dous puntos:

- A Escríbese, por regra xeral, letra maiúscula.
- B Escríbese, por regra xeral, letra minúscula.
- C Escríbese, indistintamente, letra maiúscula ou minúscula.
- D Escríbese, por regra xeral, toda a palabra seguinte en maiúscula.

32. Cal das seguintes frases é lingüisticamente CORRECTA?

- A A Deputación de Pontevedra declarou allenables os terreos que ata agora estaban en aluguer.
- B A Deputación de Pontevedra declarou alleables os terreos que ata agora estaban en alugamento.
- C A Deputación de Pontevedra declarou enaxenables os terreos que ata agora estaban en alugamento.
- D A Deputación de Pontevedra declarou enaxenables os terreos que ata agora estaban en alugueiro.

33. En cal das seguintes oracións está mal empregado o infinitivo conxugado?

- A Debemos afrontarmos canto antes as solucións.
- B Cómpre presentarmos ben o informe ante a comisión.
- C Para sermos admitidos ás probas deberemos presentar copia do DNI.
- D Acadarmos a solución por consenso, este é o noso compromiso.